


Unha voz compacta

Os vasos comunicantes que transitan entre a expresión pictórica e creación literaria, nomeadamente entre a primeira e a poesía, resultaron e resultan máis comúns e recorrentes do que se poida pensar. Exemplos témolos abondosos na nosa tradición literaria: velaí o caso Luís Seoane, no século XX ou, en tempos máis contemporáneos, eis o percorrido creativo dos poetas-pintores Baldo Ramos ou Xurxo Alonso, entre outros.

A esta nómina engádesse, e teño para min que con extraordinario acerto e orixinalidade, un volume poético do monfortino Antón Patiño, máis coñecido pola súa delongada traxectoria pictórica e polos seus libros de corte ensaístico *Xeometría líquida* (1993), *Hai suficiente infinito* (1998, este en colaboración con Xavier Seoane) e *Mapa ingravido* (2005), volumes todos eles que, talvez pola adscripción xenérica que os domina, pasaron no seu día un tanto inxustamente desapercibidos.



Sería igualmente magoante que ese desatendemento tamén se estendera sobre este *Océano e silencio*, volume

Na cobiza do lonxe

(A X.M. Freire e Carlos Díaz. In memoriam)



RAMÓN NICOLÁS

acollido no seo da colección poética Tambo dirixida por Luís Rei. Velaquí o primeiro poemario independente do autor que, porén, non é alleo a estas liñas como testemuña a intensa implicación que amosou no seu día coas actividades levadas a cabo polo Grupo de Comunicación Poética Rompente.

Desde o primeiro até o derradeiro verso, así pois, Patiño exhibe unha voz madura, rotunda e compacta. Dividido o seu poemario en sete bloques, ao meu xuízo cada un deles cargado de unidade emotiva e simbólica de seu, coma se de sete cadros se tratase, o poeta, sen deixar de amosar unha significativa querenza pola brevidade, mesmo polo epigramático, en ocasións beirando o aforismo -sempre alleo á caudaloidade verbal e léxica-,

tripa con forza o camiño da imaxe visionaria ao tempo que se deixa esvarar por asuntos como a relación esa soidade ontolóxica do eu, tan cara a Manuel Antonio e a quen me semella que homenaxea na primeira parte do libro. Logo, o aínda o lector pode internarse por unha xeografía composta de numerosas luzadas, moitas delas cegadoras polo seu impacto, nas que a presenza do universo pictórico, ou a súa difícil tradución á palabra, chega a converterse nunha atalaia desde a que reconstruír a experiencia artística de Monet, Chirico, Van Gogh ou, xaora, Urbano Lugrís, de quen se cartografa unha vivencia única centrada na arte ocupando unha sección independente. Alén disto o poeta non renuncia á reflexión sobre esa “cobiza do lonxe”, de filiación tan literaria pero de baseamento tan real; como tampouco o fai no que respecta á interacción entre as linguaxes, á palabra e ás súas posibilidades, á revisitación do motivo temporal ou, por veces, a certa tendencia á inconcreción e á ambigüidade, en ocasións desacralizante, que dota ao poemario dun tonalidade singular e, en ocasións, sorprendente.

PATIÑO, Antón, *Océano e silencio*, Col. Tambo, Dep. Pontevedra, 2007, 93 páxinas